Os feitos denunciados son de extrema gravidade, máis aínda se temos en conta como agravan a sinistralidade e o risco laboral nunhas obras que xa teñen custado a vida dunha ducia de obreiros. Non é admisíbel que na execución dunha obra pública os traballadores e traballadoras sexan explotados e non é a primeira vez que estas obras reciben denuncias desde o ámbito social e sindical polos seus abusos, situación que xa ten chegado anteriormente ao Parlamento Galego e diante da que a Xunta de Galiza, polas súas responsabilidades compartidas no eido laboral e por tratarse dunha obra de grande relevancia, debера actuar de forma proactiva e vixiante.

Polo exposto fórmulanse as seguintes pregunta para resposta escrita:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para velar pola seguridade e legalidade laboral nas obras do AVE en Galiza?

-Tivo ou ten coñecemento o goberno galego das cuestións denunciadas respecto dos tramos ourensáns denominados “Campobecerras – Taboadela” e o tramo da Gudiña? Que actuacións levou a cabo?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Tense dirixido ou vaise dirixir a Xunta ao goberno central para velar pola seguridade laboral nas obras do AVE?

-Que valoración fai o goberno da sinistralidade e mortalidade das obras do AVE en Galiza?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2020 11:50:23**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2020 11:50:32**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2020 11:50:41**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 11/05/2020 11:50:48**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Ana Pontón Mondelo**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación da empresa industrial Noa Madera e ao intento de aproveitamento da crise da Covid-19 por parte do grupo Malasa.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento da situación delicada que atravesará a empresa Noa Madera e das protestas que está a levar a cabo os seus traballadores e traballadoras. Unha situación diante da que o Goberno galego debe implicarse. Máis aínda cando, sorprendentemente, o pasado 7 de maio o Presidente da Xunta de Galiza puxo como exemplo, en sede parlamentaria, a Malasa.

Cómpre recordar que xa no ano 2018, diante dun anuncio de ERE por parte dos anteriores propietarios de Noa Madera Creativa, o Bloque Nacionalista Galego mantivo reunións e contactos co Comité de Empresa e rexistrou iniciativas ao respecto. Porén, nese momento a situación foi reconducida grazas ao tesón dos traballadores e traballadoras. Porén, posteriormente, xa baixo o mando de Malasa, esta empresa situada en Fene, no polígono de Vilar do Colo, e que até hai pouco daba traballo a arredor de 250 persoas de forma directa, unha cifra meirande se temos en conta as tarefas derivadas e complementarias, atopábase antes da crise da Covid inmersa nun claro proceso de deslocalización progresiva e de baleirado do seu cadro de persoal. Por estes motivos, o pasado 19 de decembro o 100% do persoal de Noa secundaba a folga en





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

defensa dos empregos e das condicións laborais con concentracións nas oficinas de Malasa en Cerceda e na sede de Inditex en Arteixo, xa que este é un dos principais clientes.

Nas últimas semanas, as e os traballadores denuncian que Malasa está tentando aproveitar esta crise do coronavirus para continuar no adelgazamento da súa estrutura. O comité denunciaba a finais de abril que o Grupo Malasa vén de presentar un expediente de regulación extintivo para a metade do persoal (unhas 90 persoas) e un expediente de regulación temporal de 15 meses de duración que afectaría a outra metade dos traballadores e das traballadoras. Esta medida, implica un cambio substancial na política de desmantelamento da empresa iniciado por Malasa xa que, na práctica, supón o peche das instalacións de Vilar do Colo (Fene), nas que traballan arredor de 180 persoas.

A representación social sinala que ningunha destas medidas postas a disposición das empresas para minimizar o impacto desta pandemia foron tomadas en consideración por parte de Malasa e que aproveitan esta situación para aforrar cartos, despedir impunemente e desfacerse dun cadro de persoal que ten uns dereitos e unha antigüidade que non queren respectar.

Estamos a falar dunha empresa que, ademais, conta cun cadro de persoal cunha media de idade moi nova do entorno do conxunto da comarca; sendo da maioría dos casos persoas que accederon aquí ao seu primeiro posto de traballo, polo que o impacto na xa deteriorada economía comarcal sería considerábel -dado que non falamos só dos postos directos da empresa, senón dos que derivan da actividade que desenvolve ademais de deixar desprotexidas a centos de familias.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, á vista desta situación, expresa a súa rotunda oposición a que se perda calquera posto de traballo ou se





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

precaricen as condicións laborais do cadro de persoal. Máis aínda, tendo en conta que traballan para xigantes da industria téxtil, cómpre desenvolver unha activa política de negociación con estas empresas.

Polo exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que actuacións vai levar o Goberno galego para evitar despedimentos e precarización na empresa Noa Madera?

-Coñece o Goberno galego a situación actual de Noa Madera de Fene? Cal é a súa valoración?

-Que actuacións vai levar o Goberno galego?

-Está disposto o Goberno galego a impulsar unha mesa de traballo con todas as partes e actuar de interlocutor?

-Cal é a estratexia de retención de empresas e de mantemento das condicións de traballo que está a aplicar na comarca de Ferrolterra? Cal a súa avaliación?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2020 12:04:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2020 12:04:15**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2020 12:04:23**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/05/2020 12:04:31**



## À Mesa da Deputación Permanente

Luís Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, e no acordo de funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A actuación da Xunta de Galicia e do seu presidente desde o inicio da situación derivada da declaración do estado de alarma tivo, con respecto ao Goberno do Estado unha liña case única: a confrontación.

Máis alá de permanentes mensaxes de lealdade, o cuestionamento por parte do Sr. Núñez Feijóo das actuacións e decisións do Goberno do Estado foi constante. Resultou indiferente que se tratase da distribución de material sanitario de distinto tipo, material de protección, decisións con respecto á chamada desescalada; todo foi obxecto de crítica e cuestionamento, nunha estratexia claramente máis orientada a potenciar o perfil político do candidato do Partido Popular á Xunta de Galicia que a contribuír de xeito leal e eficiente a resolver as gravísimas situacións sanitarias e sociais xa existentes, e económica xa inminente e analizada por múltiples organismos públicos e asociacións de expertos económicos. E todo isto baseado nun suposto agravio a Galicia que necesita do *desfacedor de entuertos* o Sr. Núñez Feijóo para restituír a dignidade dun pobo maltratado.

Simultaneamente, a Xunta de Galicia si está a dispensar ese trato do que acusa ao Goberno do Estado cos concellos aos que lles debe prestar asistencia e, por suposto, ás deputacións provinciais. Son moi numerosas as queixas existentes con respecto ás decisións que se toman no Centro de Coordinación Operativa (CECOP), nas que parece que se dan as decisións feitas sen participación das administracións locais e provincias, nunha sorte de burla a esa cogobernanza que tanto demanda o presidente da Xunta de Galicia ao presidente do Goberno do Estado, pero que non practica no ámbito das súas competencias.

O último exemplo desta realidade produciuse cando solicitou á Federación Galega de Municipios e Provincias maior concreción sobre o anuncio do levantamento das restricións horarias por franxas de idade para as saídas en núcleos de poboación separados de menos de 5.000 habitantes, o venres 8 de maio, ao verse obrigados os concellos a demandar da Xunta de Galicia indicacións precisas sobre os requisitos e características que debían cumprir.



Dentro da mesma demanda, os concellos solicitaron tamén maior antelación, coordinación e precisión na comunicación das medidas co fin de poder facer os preparativos e difusión oportunas á cidadanía.

Ante este comportamento da Xunta de Galicia de demandar á Administración do Estado o que ela non fai cos concellos e as deputacións e cuestionar e confrontar todas as decisións, cabe supoñer que a nosa Comunidade Autónoma obtería algún beneficio, porque do contrario, quedaría en evidencia que a única finalidade desa estratexia é o desgaste político do executivo central e o reforzamento ante a opinión pública do autonómico, motivo polo que se solicita en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que beneficios obtivo a Comunidade Autónoma de Galicia da estratexia de confrontación da Xunta de Galicia co Goberno do Estado?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/05/2020 16:29:41**

**Julio Torrado Quintela na data 11/05/2020 16:30:03**





## Á Mesa da Deputación Permanente

**Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta por escrito.

Nos recentes días foi coñecido, a través de diversos medios de comunicación, que a Xunta de Galicia dedicou máis dun millón de euros a embolsar e poñer o logo propio a mascarillas de uso contra a dispersión do coronavirus.

As mascarillas, repartidas posteriormente a través de oficinas de farmacia, que colaboraron voluntariamente na distribución de material de protección pero que non sabían do gasto da Xunta dedicado unicamente ao elemento propagandístico, foron adquiridas a finais do mes de abril. Foron en torno a 2 millóns de mascarillas, dedicando logo 1 millón de euros unicamente a embalar co logo propio da Xunta de Galicia como único engadido.

Dada a situación de loita contra o coronavirus que a Xunta de Galicia, e nomeadamente Núñez Feijóo, está utilizando con evidente corte electoral, é difícil de comprender dedicar un gasto tan relevante co único obxectivo de marcar a procedencia do material. Ese diñeiro, lonxe de ser utilizado para axudas en eido de servizos sociais ou en axudas para empregados, empresarios ou autónomos, foi destinado unicamente para unha utilización propagandística.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal foi a necesidade de investir 1 millón de euros en poñer o logo nas mascarillas repartidas?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez  
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/05/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 64206**  
Data envío: 12/05/2020 09:15:38.308

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 12/05/2020 09:13:42**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/05/2020 09:13:55**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPGBj67lyuA6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa da Deputación Permanente

**Daniel Vega Pérez, Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Cristina Romero Fernández e Gonzalo Trénor López** deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita en Deputación Permanente:**

### Exposición de Motivos:

Ante a expansión da Covid-19 por todo o mundo e dos seus efectos sobre a saúde das persoas, fíxose necesario actuar tanto dende o ámbito sanitario coma noutros que se viron afectados polas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia e o Goberno de España para a xestión da crise sanitaria derivada do coronavirus.

A Xunta de Galicia puxera xa en marcha un protocolo de actuación consensuado co Ministerio de Sanidade e as comunidades autónomas antes de detectar casos positivos na nosa comunidade co obxectivo de actuar coa máxima eficiencia e eficacia na súa prevención e contención. E, trala declaración de pandemia global por parte da Organización Mundial da Saúde (OMS) desta cepa de coronavirus o pasado 11 de marzo; o goberno galego declarou a situación de emerxencia sanitaria de interese galego o venres 13 de marzo, a pesar de ser Galicia unha das Comunidades cunha menor incidencia do coronavirus. Esta declaración activou o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia e implicou a reorganización funcional dos servizos administrativos e das modificacións orzamentarias necesarias para afrontar a emerxencia.

Con motivo da situación de emerxencia sanitaria, fíxose necesario adoptar medidas específicas no ámbito social co obxectivo de frear a expansión do coronavirus coma os peches dos centros sociocomunitarios e dos centros de día de maiores, de protección de menores ou de diversidade funcional. Entre as medidas de contención do coronavirus adoptadas dende o venres 13 de marzo atópanse tamén a suspensión de actividades nos centros ocupacionais, Puntos de Atención á Infancia, ludotecas e espazos públicos infantís e espazos xuvenís; ademais daquelas con participantes externos aos centros residenciais e a limitación dunha persoa por visita ás residencias

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63**  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



ou a prohibición das visitas para os maiores de 70 anos con patoloxías ou síntomas respiratorios.

Con todo, ademais das oportunas medidas sanitarias, era necesario tamén implantar diversas medidas noutros ámbitos prestando especial atención a un dos principais colectivos de risco fronte ao coronavirus como son os maiores; pero tamén a aquelas persoas con diversidade funcional ou en situación de risco de exclusión social.

Así, o goberno galego puxo en marcha un sistema de seguimento telefónico e reparto de comida para os usuarios dos centros de día, activou un teléfono de atención social ou psicolóxica (900 400 800) e aumentou as horas do servizo de axuda no fogar (SAF) para proporcionar unha atención profesional a todas aquelas persoas que non eran usuarias do Servizo de Axuda no Fogar, eran usuarias dun centro de día pechado ou para aquelas que estaban realizando os trámites para a solicitude do servizo.

Por outra banda, e coa finalidade de apoiar ás persoas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade, a Xunta de Galicia puxo en marcha varias medidas para garantir o pago e facilitar a tramitación da Renda de inclusión social de Galicia (Risga), das Pensións non contributivas (PNC) e das Axudas de inclusión social (AIS) mentres dure a emerxencia sanitaria.

Tendo en conta que os maiores son un dos principais colectivos de risco, resulta fundamental garantir a súa atención e os coidados que precisen amparados polas necesarias medidas de prevención tanto nos seu fogares coma nas residencias da terceira idade.

En materia de prevención ante o risco de contaxios, a administración autonómica desenvolve tarefas de desinfección nos exteriores de residencias e centros de saúde e dota de material de protección aos traballadores dos centros sociais. Tamén para previr contaxios en cadea e para dotar de tranquilidade aos traballadores e usuarios, o goberno galego realizou probas diagnósticas para determinar posibles casos positivos.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta escrita:



- 1. Que medidas adoptou a Xunta en materia de política social para diminuír os efectos sociais e económicos da pandemia do coronavirus nos concellos da comarca da Mariña?**

Santiago de Compostela, a 12 de maio do 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 12/05/2020 11:39:30**

**Pedro Puy Fraga na data 12/05/2020 11:39:48**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/05/2020 11:40:02**

**Paula Prado Del Río na data 12/05/2020 11:40:15**

**Raquel Arias Rodríguez na data 12/05/2020 11:40:35**

**Moisés Blanco Paradelo na data 12/05/2020 11:41:08**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 12/05/2020 11:41:26**

**Gonzalo Trenor López na data 12/05/2020 11:42:02**



## Á Mesa da Deputación Permanente

Luís Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e no acordo de funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) do 2 de marzo de 2020, publica o cese dos delegados territoriais da Xunta de Galicia, o que ocorreu como consecuencia da convocatoria de eleccións autonómicas, previstas naquel momento para o 5 de abril de 2020, segundo o Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

Ademais, eses ceses son consecuencia de que as persoas cesadas figuraban ou figurarían nas listas presentadas polo Partido Popular de Galicia ás eleccións autonómicas e das incompatibilidades previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ou dito doutro modo, a compatibilidade do exercicio dun alto cargo da Xunta de Galicia co cargo de deputado ou deputada no Parlamento de Galicia, só no caso dos membros do Goberno galego, tal como establece o artigo 40º.1.e da citada lei.

Posteriormente, o mércores 18 de marzo de 2020 publícase o Decreto 45/2020, do 18 de marzo, polo que se deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada da COVID-19 e o venres 20 de marzo de 2020, as persoas cesadas como delegados territoriais da Xunta de Galicia volven ser nomeados mediante os correspondentes decretos.

Se chama a atención a rapidez coa que a Xunta de Galicia volveu a nomear a estas persoas, non a chama menos que se faga referencia ás deliberacións que se produciron no seo do Consello da Xunta de Galicia, sobre as cales non existe a máis mínima xustificación na referencia que se traslada aos medios de comunicación en canto á xustificación desta medida, e que se transcribe aquí para maior claridade:

*“O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos de nomeamento de varios altos cargos do Goberno autonómico.*

*Os decretos recollen os nomeamentos de Álvaro Pérez López como secretario xeral da Presidencia; de Antonio Rodríguez Miranda como*





*secretario xeral da Emigración; de Susana López Abella como secretaria xeral da Igualdade; de Marta Fernández-Tapias Núñez como directora xeral de Administración Local; de Ovidio Rodeiro Tato como delegado territorial da Xunta na Coruña; de José Manuel Balseiro Orol como delegado territorial da Xunta en Lugo; de Marisol Díaz Mouteira como delegada territorial da Xunta en Ourense; de José Manuel Cores Tourís como delegado territorial da Xunta en Pontevedra; e de Corina Porro Martínez como delegada territorial da Xunta en Vigo.*

*Así mesmo, os nomeamentos de Borja Vereá Fraiz como secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Emprego e Industria; de María Nava Castro Domínguez como directora de Turismo de Galicia; e de Silvestre José Balseiros Guinarte como director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.”*

Como se observa ningunha xustificación da necesidade de nomear de novo a estes altos cargos.

Pero o certo é que esas persoas despregaron desde o seu renovado nomeamento unha intensa campaña pública na replicación das actuacións da Xunta de Galicia relacionadas coa xestión a nivel autonómico da crise da COVID-19 e repetición da estratexia de confrontación co Goberno do Estado e cuestionamento das actuacións que levaba a cabo.

Ante esta situación, semella que estes nomeamentos estiveron máis motivados pola urxencia política do Partido Popular que por necesidade de xestión eficiente da Administración da Comunidade Autónoma.

Así as cousas, os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

A que se debeu o protagonismo electoralista das persoas delegadas territoriais da Xunta de Galicia na distribución de material para facer fronte á crise provocada pola COVID-19?

Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2020

**Asinado dixitalmente por:**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/05/2020 13:10:30  
**Nº Registro: 64223**  
Data envío: 12/05/2020 13:10:30.670

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/05/2020 13:06:55**

**Julio Torrado Quintela na data 12/05/2020 13:07:16**

CSV: BOPGDSPGBj67lyuA6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Ana Pontón Mondelo**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á valoración por parte da Xunta de Galiza do intento de XEAL (antiga Ferroatlántica) de aproveitar a crise do coronavirus para desmantelar as súas unidades produtivas e as actuacións que vai levar a cabo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas coñecíase o resultado de falta de consenso da negociación dun ERTE en XEAL que a empresa pretende aplicar nas fábricas de Cee e Dumbría e nas centrais hidroeléctricas do río Xallas, cuxa concesión dependen en última instancia da Xunta de Galiza, que debера velar polo seu bo uso. Porén, esta vixilancia está a ser descoidada, como anteriormente fixo o goberno galego, e a día de hoxe nin sequera se esixiu o plan industrial após unha operación de venda inzada de sospeitas.

Desde o Comité de empresa alertan de que estamos diante dunha nova fraude, e que a empresa está a aproveitarse da crise sanitaria para aforrar custos e avanzar nunha estratexia de desmantelamento e minoración da produción comprometendo a viabilidade das fábricas cando neste momento podería continuar a producir con normalidade e cando mesmo conta cunha posición vantaxosa respecto da competitividade enerxética ademais de tratarse dunha actividade considerada como esencial. Porén, esta liña de minoración da produción xa se tiña iniciado previamente coa paralización progresiva da actividade dos fornos. Xa o 13 de marzo, con anterioridade á declaración do estado de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

alarma por parte do goberno central, a dirección cesou a produción en dous fornos, deixando activos só cinco, o que se acrecentaba á parada produtiva de comezos de 2020 respecto do forno 13, tamén denunciada no seu día.

A empresa non quixo negociar ningunha das alternativas do comité de empresa malia que no período de consultas a representación legal dos e das traballadoras presentou unha batería de medidas organizativas alternativas, que permitirían manter a produción e garantir as medidas de seguridade e protección adecuadas. Así mesmo, sorprende tamén que a empresa non quixera vincular esta medida do ERTE co estado de alarma nin ofrecer garantías para retomar a produción, ao tempo que non abandona os recursos contra a resolución administrativa de Augas de Galiza impedindo a segregación de actividades que pretendían levar a cabo no ano 2017.

Esta é unha situación grave e extrema diante da que non se pode permitir de novo o silencio cómplice da Xunta de Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que actuacións está a levar a Xunta de Galiza para garantir a actividade produtiva da antiga Ferroatlántica cumprindo as condicións de concesión das centrais do Xallas?

-Considera a Xunta de Galiza que a empresa está a aproveitar a crise do coronavirus para desmantelar de forma fraudulenta as súas fábricas?

-Considera xustificadas as medidas tomadas? Como valora as súas desculpas cando ten garantida a provisión de material por parte de Ferroglobe, que funciona case ao 100%?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Tivo ou vai ter a Xunta de Galiza contacto co Comité de empresa?

-Reclamou ou vai reclamar a Xunta de Galiza a presentación pendente dun plan industrial que avale a operación de compravenda cualificada no seu día polo comité de empresa e por forzas políticas e sociais da comarca como maquiá?

-Ten desenvolvido o goberno galego algunha actuación conducente a que a nova empresa leve adiante os investimentos comprometidos nese proceso de venda e que foron respaldados pola propia Ferroglobe? Cales son os motivos?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/05/2020 13:28:20**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/05/2020 13:28:27**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 12/05/2020 13:28:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/05/2020 13:28:40**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade dun novo modelo de financiamento xusto para Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade dun novo sistema de financiamento que garanta suficiencia e capacidade financeira do noso país é unha evidencia co estoupido da crise da Covid 19. A resposta a esta crise debe centrar o gasto en reforzar servizos públicos, en especial os sanitarios, e prestacións sociais, así como a políticas de impulso e dinamización económica, fundamentais para impulsar a recuperación unha vez superada a emerxencia sanitaria, e cómpre lembrar que as competencias para levar a cabo estas políticas residen en Galiza.

Nesta crise viuse perfectamente como o Estado pretendía acaparar competencias propias e despois non era quen de abordalas. Mais vimos tamén con preocupación un Goberno galego disposto a non querer decidir nin asumir nada. As e os nacionalistas estamos convencidos de que a liña de actuación ten que ser a contraria, apostar nas nosas capacidades e demandar o dereito a decidir sobre o que nos concerne.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A resposta esta crise debe ser o punto e final a un reparto do gasto inxusto. Non pode supoñer avanzar nas decisións que se deron a partir de 2008 por PP e PSOE que se resumen en que hoxe asumimos como país responsabilidades que asumen en detrimento dun sobrerrepresentado gasto do Estado en manterse a si propio (de máis do 50% do total). Ademais, moi alonxado das necesidades que pon de manifesto esta crise, como o gasto militar e en especial os programas de renovación do armamento, o financiamento á igrexa católica, etc. Ningunha destas cuestións están a servir para salvar vidas.

O actual modelo de financiamento, está esgotado e resulta totalmente obsoleto para enfrontar a crise do coronavirus, e debe ser prioridade do goberno negociar un novo modelo baseado no concerto económico e non admitir nin un paso atrás na recentralización política ou económica.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Comprométese o Goberno galego coa demanda dun novo modelo de financiamento baseado nun concerto económico que dote Galiza de capacidade de decisión sobre os seus recursos?

-Considera o Goberno galego que foi un lastre na crise do coronavirus a falta de capacidade de decisión sobre o destino dos nosos recursos económicos? Que fixo para superar esta situación?

-Considera a Xunta de Galiza que foi un erro contribuir a que após 2014 non se renegociara un novo sistema de financiamiento?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Cre o Goberno galego que foron positivo os resultados do sistema de réxime común para Galiza? Como valora os recursos perdidos?

-Recoñece o Goberno galego que o actual sistema infrafinancia os servizos públicos que nos corresponde desenvolver como país, especialmente a sanidade?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/05/2020 13:41:05**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/05/2020 13:41:14**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/05/2020 13:41:21**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 12/05/2020 13:41:29**





## Á Mesa da Deputación Permanente

**Daniel Vega Pérez**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**

### Exposición de Motivos:

Ante a expansión da Covid-19 por todo o mundo e dos seus efectos sobre a saúde das persoas, a Xunta de Galicia permaneceu en alerta e mesmo puxo en marcha un protocolo de actuación consensuado co Ministerio de Sanidade e as comunidades autónomas que trasladou tanto ás xerencias das áreas sanitarias coma ao resto da estrutura asistencial antes de detectar casos positivos na nosa comunidade co obxectivo de actuar coa máxima eficiencia e eficacia na súa prevención e contención.

Unha vez detectados os primeiros casos en Galicia, o Executivo autonómico continuou pendente da evolución do virus entre a comunidade galega adoptando medidas de prevención en diversos ámbitos.

Trala declaración de pandemia global por parte da Organización Mundial da Saúde (OMS) desta cepa de coronavirus o pasado 11 de marzo; o goberno galego declarou a situación de emerxencia sanitaria de interese galego o venres 13 de marzo, a pesar de ser Galicia unha das Comunidades cunha menor incidencia do coronavirus.

Esta declaración, que implicou a reorganización funcional dos servizos administrativos e das modificacións orzamentarias necesarias para afrontar a emerxencia, tamén activou o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia e seus mecanismos e operativos: constitución dun centro de coordinación operativo (Cecop); mobilización inmediata dos grupos operativos e comunicación á poboación das instrucións pertinentes.

O vicepresidente da Xunta forma parte do Centro de Coordinación Operativa (Cecop) onde tamén participan a Delegación do Goberno e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

En cooperación cos concellos galegos, a Xunta ten abonado -a través da consellería de Presidencia- a partida do mes de marzo e a liquidación de 2018 do Fondo de Cooperación Local para dotar de liquidez aos gobernos locais no momento no que máis o necesitan.



O goberno galego tamén colabora coas entidades locais -de novo a través da consellería de Presidencia- coa doazón de material de protección para facer fronte á Covid-19: luvas, máscaras cirúrxicas, máscaras FFP2, traxes, desinfectante e xel hidroalcolíco, principalmente.

A Xunta centraliza as peticións dos concellos en coordinación coa Federación Galega de Municipios e Provincias que, trala súa recepción, as administracións locais destinan principalmente para uso dos servizos sociais e de emerxencias; ademais do transporte público. Con esta medida do goberno galego os traballadores dos servizos municipais que continúan desempeñando as súas funcións contan co material de protección que precisan.

Pero, ademais, estas doazóns estendéronse tamén ás residencias e entidades sociais tanto públicas coma privadas co obxectivo de protexer aos seus traballadores ante posibles contaxios da Covid-19. E, do mesmo xeito, traballadores autónomos recibiron material de protección a través das asociacións empresariais.

Por todo o anteriormente exposto, o deputado asinante formula a seguinte pregunta:

1. A canto ascende o abono correspondente ao Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galicia aos concellos da comarca da Mariña e a que finalidade se poden dirixir eses recursos?
2. Cal é o criterio a seguir para o reparto do material de protección entregado aos Concellos e ás residencias ou entidades sociais da comarca da Mariña e cal é o número de unidades entregadas?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 13/05/2020 11:16:13**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



## Á Mesa da Deputación Permanente

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, e no acordo de funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública, ocasionada pola COVID-19, a pandemia internacional. A rapidez na evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, requiriu a adopción de medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a esta conxuntura, provocando unha crise sanitaria sen precedentes que ten desencadeado paralelamente unha crise económica e social.

Desde que a Organización Mundial da Saúde declarou o 30 de xaneiro que a situación en relación co coronavirus a COVID-19 supoñía una emerxencia de saúde pública de importancia internacional, o Goberno de España adoptou unha serie de medidas orientadas a protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública. Estas medidas, xunto coas adoptadas por outros países, están tendo un impacto económico e social moi importante, fundamentalmente sobre determinadas empresas e sectores da economía española, así como sobre a cidadanía máis vulnerable; polo que foi aprobando unha serie de normas que teñen como obxectivo minimizar estes efectos tan negativos para o nosa sociedade no seu conxunto.

A primeira norma adoptada polo Goberno de España foi a declaración do estado de alarma recollido no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, seguido doutras normas, sanitarias, económicas e sociais, que perseguen paliar as consecuencias negativas orixinadas como consecuencia desta pandemia da COVID-19.

Tendo en conta que as persoas autónomas e as Pemes poden ser os máis afectados pola grave situación derivada da pandemia, o Goberno do Estado ten aprobado unha serie de normas que alivien esta repentina situación, así, entre outros asuntos, regulouse a moratoria de débeda arrendaticia e débeda hipotecaria, os préstamos avalados e subvencionados polo Estado, flexibilizaron os contratos de subministro de electricidade, coa creación dunha liña de avais do



ICO, permítase a dispoñibilidade dos plans de pensións no caso de desemprego ou cese de actividade, aprobouse o aprazamento extraordinario do calendario de reembolso en préstamos concedidos pola Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, aprobouse a garantía de liquidez para soste a actividade económica ante as dificultades transitorias consecuencia da situación, o aprazamento extraordinario do calendario de reembolso en préstamos concedidos polas comunidades autónomas e entidades locais a empresarios e autónomos afectados, a prestación extraordinaria por cese de actividade para os afectados pola declaración do estado de alarma, a compatibilidade do subsidio por coidado de menor e a prestación por desemprego ou cese de actividade durante a permanencia do estado de alarma, a consideración excepcional como situación asimilada a accidente de traballo dos períodos de illamento, contaxio ou restrición nas saídas do municipio onde teñan o domicilio das persoas traballadoras como consecuencia do virus COVID-19, unha moratoria das cotizacións sociais á Seguridade Social, a suspensión de prazos no ámbito tributario, o aprazamento de débedas tributarias, a extensión do prazo para a presentación e ingreso de determinadas declaracións e autoliquidacións tributarias, o aprazamento de débedas derivadas de declaracións aduaneiras, a limitación dos efectos temporais da renuncia tácita ao método de estimación obxectiva no exercicio 2020 ou a modificación do convenio concursal.

Tendo en conta que o artigo 30.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, outórgalle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva no fomento e na planificación da actividade económica, solicitamos en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cales son as medidas que ten planificadas adoptar o Goberno galego para axudar aos autónomos e autónomas afectados pola aplicación das medidas da pandemia da COVID-19?

Pazo do Parlamento, 13 de maio de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/05/2020 10:05:31**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/05/2020 10:05:59**



## Á Mesa da Deputación Permanente

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e no acordo de funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No Diario Oficial de Galicia do 1 de abril de 2020 o Instituto Galego de Promoción Económica publicou a Resolución do 31 de marzo de 2020, pola que se modifican as bases reguladoras do Marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito adheridas, co fin de crear unha nova liña de financiamento destinada a inxectar liquidez a Pemes e autónomos para que poidan facer fronte ás consecuencias provocadas pola situación de emerxencia sanitaria na súa actividade empresarial.

Para este programa a Xunta de Galicia destina 30 millóns de euros coa previsión de mobilizar 250 millóns para paliar os efectos do coronavirus na economía.

Pasado máis dun mes desde que se publicou a Resolución, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

- 1ª) Cantas empresas e autónomos se acolleron a esta liña de financiamento?
- 2ª) Dos 30 millóns de euros destinados, canto se ten aplicado ata este momento?
- 3ª) Que valoración fai da Xunta de Galicia deste programa?

Pazo do Parlamento, 14 de maio de 2020

**Asinado dixitalmente por:**





**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/05/2020 15:21:02**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/05/2020 15:22:09**



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

## **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

